

ESFORZARSE É CONSEGUILO

Hai uns anos, unha familia de seis persoas vivía nunhas condicións moi malas nunha casa de dous cuartos e unha cociña moi pequena nunha aldea situada no pico máis alto da montaña.

A familia estaba constituída por dous pais e catro irmáns. Os pais non tiñan cartos para pagar as necesidades dos seus fillos, como a roupa entre outras.

Un dos seus fillos chamado Martín, tiña un propósito, estudar moito para cumprir o seu soño, ser profesor e axudarlles aos alumnos para que estuden e gañar cartos para manter a familia.

O problema era que seus irmáns, Pablo, Lucas e Thiago estaban xogando todo o día e facían moito ruído, entón Martín non conseguía concentrarse. Un día, Martín pediulles se podían deixar de facer ruído, para nun futuro poder mantelos a todos.

A día de hoxe, Martín é profesor e mantén aos seus irmáns nunha casa moi grande. O malo é que morreron os dous pais e non puideron ver como o conseguiu o seu soño.

Xián Méndez Fernández